

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de febreiro de dous mil dezaoto ; as once horas e dez minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona María López Touza e Don Javier Iglesias Sendín. –

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado cinco de febreiro de dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 872/2017 RIB / C/01.12/17

Visto o escrito presentado por **Don Jerónimo Docampo Martínez en representación de Bodegas Docampo**, onde solicita Licenza de Obras para Modificado da Memoria de carpintería do Proxecto básico e de execución de rehabilitación casa rural para uso oficinas San Paio Ventosela , visado 1702062,9 data 05.10.2017 polo COAG ,e redactado pola arquitecta Natalia L Alvarez Toro , arquitecta colexiada nº 4753 do COAG.

Consta Modificado da Memoria de carpintería do Proxecto básico e de execución de rehabilitación casa rural para uso oficinas San Paio Ventosela , visado 1702062,9 data 05.10.2017 polo COAG ,e redactado pola arquitecta Natalia L Alvarez Toro , arquitecta colexiada nº 4753 do COAG.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 6 de Febreiro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 12 de febreiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, acorda :

Conceder licencia a Don Jerónimo Docampo Martínez en representación de Bodegas Docampo, para Modificado da Memoria de carpintería do Proxecto básico e de execución de rehabilitación casa rural para uso oficinas San Paio Ventosela , visado 1702062,9 data 05.10.2017 polo COAG ,e redactado pola arquitecta Natalia L Alvarez Toro , arquitecta colexiada nº 4753 do COAG.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Rehabilitación de casa rural para oficinas.-

Contía na que se orzan as obras: Non altera o orzamento de execución material do proxecto inicial.

Situación e emprazamento das obras: Estrada OU- 406 nº 78, Lugar de San Paio.

Nome ou razón social do promotor: Bodegas Docampo

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezaotoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Dado que non se altera o orzamento de execución material do proxecto inicial, non procede a práctica de liquidación complementaria.

OUTRAS CONDICIONS.-

-As obras axustaranse ao Modificado da Memoria de carpintería do Proxecto básico e de execución de rehabilitación casa rural para uso oficinas San Paio Ventosela , visado 1702062,9 data 05.10.2017 polo COAG ,e redactado pola arquitecta Natalia L Alvarez Toro , arquitecta colexiada nº 4753 do COAG.

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde , recollidas na normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público. Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitude de información urbanística interesada por dona Marta Susana Caneda Guede en representación de DIASA , sobre local comercial sito en Avda Redondela 21, baixo referencia catastral 0418911NG7801N005PX, número de expediente **RIB/N/13/18**, 2543/2017. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 5.02.2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para local comercial sito en Avda Redondela 21, baixo referencia catastral 0418911NG7801N005PX , de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

-Escrito de don Guillermo López Míguez en representación de Construcciones López Carballal SL solicitando a devolución do importe abonado en concepto de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras para construción de edificio para catro vivendas na rúa San Lázaro 19 de Ribadavia, respecto da cal se presentou renuncia con data de 24 de febreiro de 2016.

A xunta de goberno acorda acceder á devolución ,que se fará efectiva tan pronto o permita a liquidez dineraria do concello .

-Escrito de don Benigno Fernández Alén formulando queixas polos ruídos ocasionados polo pub Tubular.

A xunta de goberno acorda dirixirse á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e solicitar a cesión puntual dun sonómetro para efectuar unha medición acústica do establecemento.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

-Escrito do Servizo Provincial da AXI en Ourense autorizando retirada de árbores en treito urbano.

-Escrito do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar notificando a Resolución de aprobación da 2ª liquidación de 2017-Réxime de cofinanciamento para as Escolas Infantís xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

-Comunicación da inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia do cambio de titular do establecemento denominado Café Bar Ribadavia sito no Lugar Quinza de Antonio Domínguez Martínez a Restaurante Quinzá SL.

-Escrito do Xulgado do Social nº 3 de Ourense comunicando a interposición de demanda ante a Xurisdicción Social por don José Iván Martínez Arias en materia de reclamación de cantidade, demandado concello de Ribadavia, Procedemento Ordinario 077/2018. A xunta de goberno acorda personarse en defensa dos intereses municipais e nomear como avogado a don Jorge Pulido Parga.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Aprobación de proxecto aos efectos de solicitude de subvención a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Vista a Resolución do 15 de decembro de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019.

Visto o proxecto de “ Mellora de camiños municipais do Concello de Ribadavia” redactado polo enxeñeiro do medio rural don Salvador Añel Prada cun orzamento subvencionable de 36.638,00 euros, IVE (21%) 7.693,98 EUROS, Orzamento subvencionable máis IVE, 44.331,98 €

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda:

1º. Aprobar o proxecto de “Mellora de camiños municipais do Concello de Ribadavia” aos efectos de solicitar subvención a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en base a Resolución do 15 de decembro de 2017 para a concesión directa , mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 (DOG núm 10 de 15 de xaneiro de 2018).

2º.- Designar como representante legal da entidade solicitante o Sr. Alcalde, Don José Ignacio Gómez Pérez.

3º.- Que os camiños que integran o proxecto “Mellora de camiños municipais do Concello de Ribadavia”, obxecto de petición de subvención son de titularidade municipal.

SOLICITUD DE SUBVENCION.-

Resolución do 4 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora de infraestructuras turísticas para o ano 2018.

O abeiro Resolución do 4 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora de infraestructuras turísticas para o ano 2018., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Acollerse a devandita Resolución solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Adecuación e mellora dos accesos interiores do cementerio de Ribadavia”, por importe de 44.891 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela”.

APROBACION DE PADRON DO I.V.T.M. -

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente ao exercicio 2018 por importe de 228.638,94 euros. Do mesmo modo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ao presente exercicio económico entre o 1 de Marzo e o 30 de Abril de 2018.”

Visto o informe do Director do Servizo Municipal de Deportes de data 7 de febreiro de 2018 , que incorpórase como motivación ao presente acordo e copia do cal dárase traslado aos interesados; a xunta de goberno acorda:

-Requerir a don José Carlos González Barreiro, aboadado 705 e a don Alfonso Márquez Candendo , aboadado 4162, aos efectos de que acrediten o establecido na ordenanza nº 24 Reguladora dos prezos públicos por uso das instalacións deportivas , como normas complementarias (aqueles que se acollan a cota familiar, samente poderan incluírse na relación de parentesco pais / fillos) respecto dos seguintes usuarios: Aboado 705 Riera Ortega Marta, González Riera Eric, González Riera Nuria. Aboado 4162 Vázquez Arias Rubén, Raña Veloso Paula.

REQUERIMENTO DE ANULACIÓN

Dase conta do requerimento formulado por Alcaldía ao abeiro do artigo 44 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa en relación ao escrito da Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria declarando a vixencia da Avaliación de Impacto Ambiental da concesión Nº 4553.1 Man da Moura para canteira en Franqueirán, termo municipal de Ribadavia.

Visto o oficio da Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía , Emprego e Industria , sobre “ Asunto: rectificación escrito sobre la Declaración de Impacto Ambiental da concesión mineira Nº 4553.1 Man da Moura”

No que se resolve:

“ Deixar sen efecto o escrito do 09.01.2018 e o rectifica no sentido de que , consonte á Lei 21/2013 , do 13 de setembro, a DIA da concesión Nº 4553.1 “ MAN DA MOURA” está vixente ata o 12.12.2019”

Visto o artigo 44 da Lei 29/1998 reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa:

1 Nos litixios entre administracións públicas non caberá interpoñer recurso en vía administrativa. Non entanto, cando unha Administración interpoña recurso contencioso administrativo contra outra, poderá requerir previamente para que derogue a disposición, anule ou revogue o acto, faga cesar ou modifique a actuación material ,ou inicie a actividade a que esté obrigada.

2 O requerimento deberá dirixirse ao órgano competente mediante escrito razonado que concretará a disposición, acto, actuación ou inactividade, e deberá producirse no prazo de dous meses contados dende a publicación da norma ou desde que a Administración requirente tivera coñecido ou podido coñecer o acto actuación ou inactividade.

Visto o artigo 39.5 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas:

Cando unha administración Pública teña que dictar no ámbito das súas competencias , un acto que necesariamente teña por base outro ditado por unha administración pública distinta e aquela entenda que é ilegal, poderá requerir previamente a ésta para que anule ou revise o acto de acordo co disposto no artigo 44 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso administrativa , e, de rexeitar o requerimento , poderá interpoñer recurso contencioso administrativo .Nestos casos quedará suspendido o procedemento para ditar resolución.

A Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria fundamenta a vixencia da Declaración de Impacto Ambiental da concesión mineira Nº 4553.1 Man da Moura na Disposición Transitoria Primeira .3 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental:

“ As declaracións de impacto ambiental publicadas con anterioridade á entrada en vigor de esta lei perderán su vixencia e cesarán na produción dos efectos que lle son propios se non tivera comenzado a execución dos proxectos e actividades no prazo máximo de seis anos, dende a entrada en vigor de esta lei. En tales casos, o promotor deberá iniciar novamente o trámite de avaliación de impacto ambiental do proxecto conforme ao establecido nesta lei.”

O Texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos 1/2008, no seu artigo 14.1 establecía :

“ A declaración de impacto ambiental do proxecto ou actividade caducará se unha vez autorizado ou aprobado o proxecto non se tivera comenzado su execución no prazo fixado pola comunidade autónoma. En tales casos, o promotor deberá iniciar novamente o trámite de avaliación ambiental do proxecto.

Nos proxectos que deban ser autorizados pola Administración Xeral do Estado, dito prazo será de cinco anos.”

Consonte a Disposición Final Primeira de esta lei o párrafo primeiro do artigo 14.1 tiña carácter de lexislación básica ditada ao abeiro do artigo 149.1.23 da Constitución e o párrafo 2 non era básico.

A distribución competencial que rexe entre o Estado español e as Comunidades autónomas en materia de medio ambiente, deriva do articulado da Constitución de 1978, que confiera ao Estado central a lexislación básica sobre protección do medio ambiente(art 149.1.23) e as Comunidades autónomas a execución , o desenrolo normativo e a facultade de ditar normas adicionais de protección, que serven para establecer unha protección medioambiental máis intensa, xa que o seu contido sempre ten que ser igual ou máis restrictivo que o que dispoñan as leis **básicas estatais. O**

básico cumpre unha función de ordenación mediante mínimos que as Comunidades autónomas ten que respectar en todo caso, pero que pueden establecer niveis de protección máis elevados.

Neste senso é clara a Sentenza do Tribunal Constitucional 109/2017 de 21 de setembro de 2017 “ la normativa básica en esta materia tiene por objeto fijar el nivel de protección mínimo de aplicación a todo el territorio nacional, mínimos que han de ser respetados por las Comunidades autónomas en el ejercicio de sus competencias en materia de desarrollo legislativo y ejecución de las bases, complementando o reforzando los niveles de protección establecidos en la normativa básica “ A sentenza considera que a Lei 12/2016 de avaliación ambiental de Baleares incurre en vulneración competencial ao excluir de avaliación ambiental determinadas categorías de planes e as súas modificacións que, con arreglo a lexislación básica, deben ser avaliados , establecendo unha redución dos niveis mínimos de protección.

Con análogo criterio, o párrafo primeiro do artigo 14 do Texto Refundido da Lei de Avaliación Ambiental de 2008 obriga as comunidades autónomas a establecer un prazo de vixencia para que se produza a caducidade das avaliacións de impacto ambiental. O establecemento dun prazo de vixencia é un elemento de protección do medio ambiental, as avaliacións de impacto ambiental para que surtan os seus efectos de protección medio ambiental non poden ter unha vixencia indefinida, ou como se pretende no presente caso , que unha avaliación ambiental de 1996 surta efectos ata o a no 2019. O feito de que a lexislación autonómica galega(Decreto 42/1990 de avaliación ambiental de Galicia, Lei 1/1995 de protección ambiental de Galicia, Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia),ten que ser resolto en base o criterio da supletoriedade da lexislación estatal non básica , en base ao artigo 149.3 da Constitución e a xurisprudencia constitucional que o interpreta.Resulta moi clarificadora a Sentenza do Tribunal Constitucional de 21 de decembro de 1989, que ante a impugnación pola Xunta de Galicia da Disposición Final Sétima do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que atribuíra carácter de lexislación básica somentes a algún dos seus 177 preceptos, e ao resto carácter supletorio establecía” Con ello no se produce desapoderamiento competencial alguno de las Comunidades autónomas . Antes bien con ello, el Estado atiende a una exigencia fundamental , que no es otra que la de prevenir un marco normativo general que venga a cubrir no sólo las consecuencias resultantes de los diferentes niveles competenciales existentes en la materia entre unas y otras comunidades , sino también la simple inactividad normativa que, transitoriamente o no, pueda producirse en aquellas comunidades autónomas con competencia para desarrollar las normas básicas estatales” La previsión del artículo 14.1 , párrafo 1 del Texto Refundido de la Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de 2008, o reenvío a normativa autonómica, ante a inactividad normativa da mesma xenera unha laguna legal. Como indica Villar Palasí: “ Una laguna , en sentido propio, se produce por la ausencia de reglas jurídicas directamente aplicables al caso en una estructura jurídica que, sin embargo, considerara relevante este caso y debe darle respuesta adecuada....Una laguna trascendente puede producirse por una remisión al vacío frecuente en todo derecho”

De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional , sentenzas 118/1996 61/1997 a supletoriedade é somentes predicable das normas ditadas polo Estado en materias da súa competencia , no pudiendo establecer normativa supletoria con carácter xeral pois non é o Estado o que pode determinar se ten que ter lugar ou non a aplicación supletoria do dereito estatal, senón o aplicador do dereito que , de modo eventual , detecte unha laguna en cada caso concreto.”

Por conseguinte a inactividade normativa da comunidade autónoma ten que ser resolta aplicando , con carácter supletorio, o prazo de cinco anos que establece o párrafo segundo do artigo 14.1 para os proxectos aprobados pola Administración Xeral do Estado. Artigo 149.3 da Constitución :” O dereito estatal será , en todo caso, supletorio do das Comunidades autónomas” Non resulta axustado a dereito que baseándose na Disposición Transitoria da Lei de Avaliación Ambiental de 2013 se pretenda revivir, ou dar unha vixencia de vinte tres anos a unha avaliación de impacto ambiental. Hai un principio de interpretación xurídico que non admite as interpretacións que conducen ao absurdo , non se pode pretender que unha avaliación de impacto ambiental do ano 1996, ampare a execución de dita actividade ata o ano 2019.

A cuestión non é meramente formal, no entorno próximo da canteira se atopan xacementos arqueolóxicos recollidos no Plan Xeral de Ribadavia, que está a pique de aprobarse. Neste eido , a avaliación de impacto ambiental indica , páxina 29:

“2-10-04 Patrimonio Cultural y artístico

En las consultas realizadas en el ayuntamiento de Ribadavia así como a personas del entorno y a la observación detallada de la zona afectada no se han encontrado en el área de la futura explotación elementos de interés histórico ,artístico tales como restos arqueológicos o edificaciones singulares.”

Este feito por sí so xa amosa a falta de validez da Avaliación de Impacto Ambiental e as gravísimas consecuencias de entender que se atopa en vigor e despliega plenos efectos.

Tamén no entorno se atopan captacións de augas de consumo humano.

A maiores, a canteira pretende instalarse tal e como indica o solicitante en terreos da Comunidade de Montes da Franqueiran , co cal debe terse en conta a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo sobre esa concorrencia e cal é o interese público prevalente en relación co artigo 6 da Lei de Montes Veciñais en Man Común de Galicia:” os montes veciñais só poderán ser obxecto de expropiación forzosa ou impoñerelles servidumes por causa de utilidade pública ou interese social prevalentes a dos propios montes veciñais”.

A Sentenza do Tribunal Supremo 5190/2010 de 15 de outubro de 2010, confirmatoria da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de 5 de decembro de 2007, no seu Fundamento Xurídico Quinto indica:”En efecto, sostenemos que la decisión judicial concerniente a la valoración ponderada de los intereses concurrentes no es irracional ni arbitraria , porque la declaración de prevalencia de la protección de las Comunidades Vecinales titulares de los montes en mano común Merlán y Hospital se fundamenta en la relevancia del reconocimiento del estatuto jurídico de los montes vecinales en mano común como forma de propiedad colectiva de tierras que favorece el desarrollo socioeconómico sostenible de los municipios rurales de Galicia, que se vería comprometido, en este supuesto, gravemente, por la explotación minera.

Cabe , por ello , entender que el pronunciamiento de la Sala de i nstancia, relativo a declarar la prevalencia de los intereses sociales vinculados a la conservación de la integridad física y jurídica de los montes vecinales en mano común Merlan y Hospital frente a la explotación de la cantera de cuarzo está justificado.”

A trascendencia da vixencia ou caducidade da avaliación ambiental é evidente, dado que caducidade da mesma determinaría a nulidade de pleno dereito da actuación administrativa, así a Sentenza do Tribunal Supremo de 29 de outubro de 2002 “a avaliación ambiental de plans e proxectos como requisito esencial do procedemento , su omisión provoca a nulidade de pleno dereito do plan ou proxecto”

En base ao exposto, visto o Ditame do secretario do concello de esta mesma data , en exercicio da competencia atribuída polo artigo 21.1.k) da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local: ACORDO:

Acordar o inicio de accións xudiciais contra o acordo de data 29 de xaneiro de 2018 da Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria que declara a vixencia da Declaración de Impacto Ambiental da concesión Nº 4553.1 Man de Moura no concello de Ribadavia.

Requerir, con carácter previo e ao abeiro do artigo 44 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa e artigo 39.5 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común a Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas a fin de que **anule ou revise o acto.**

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once horas e corenta minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.